

Resolución do 3 de marzo de 2009 pola que se condiciona a efectividade da modificación do límite compatible do importe de axuda (de minimis) en determinadas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), publicada mediante Resolución do 13 de febreiro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 36, do 20 de febreiro).

A Comunicación da Comisión Europea publicada no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009, establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira. Así, no seu artigo 4.2º establece un novo límite compatible do importe de axuda (*de minimis*).

Mediante Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro) modificouse o límite compatible do importe de axuda (*de minimis*) para os seguintes programas de axuda do Igape acollidos ao réxime *de minimis*, para os efectos de aplicarles o novo límite compatible do importe de axuda (*de minimis*):

-Bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio aos investimentos das empresas do sector de transporte público de viaxeiros por estrada, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Galego de Promoción Económica, feitas públicas mediante Resolución do 28 de abril de 2008, DOG nº 84, do 2 de maio (procedemento IG149).

-Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, feitas públicas mediante Resolución do 9 de maio de 2008, DOG nº 92, do 14 de maio (procedementos IG150, IG151, IG152, IG153, IG110, IG123, IG154, IG124, IG155, IG111, IG156, IG157 e IG158).

-Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, feitas públicas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008, DOG nº 215, do 5 de novembro (procedementos IG162, IG163 e IG164).

-Bases reguladoras das axudas do Igape para facilitar a análise empresarial das empresas galegas de cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB), feitas públicas mediante Resolución do 10 de decembro de 2008, DOG nº 244, do 17 de decembro (procedemento IG165).

-Bases reguladoras dos incentivos económicos e dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, feitas públicas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, DOG nº 31, do 13 de febreiro

(procedementos IG107, IG113, IG114, IG119, IG121 e IG122).

Tendo en conta que os novos instrumentos regulados pola citada Comunicación (2009/C 16/01) non poderán ser executados na práctica ata que a comisión autorice o réxime de axuda estatal que, ao abeiro desta comunicación, deberá previamente notificar o Estado español, faise conveniente suspender a efectividade da modificación publicada.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Condicionar a efectividade da modificación do límite compatible do importe de axuda (*de minimis*) para os programas de axuda citados, publicada mediante Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro), ata que a comisión autorice o réxime de axuda estatal que o Estado español notifique ao abeiro da comunicación da comisión que establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira (DOUE C 16, do 22 de xaneiro de 2009).

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Resolución do 3 de marzo de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos establecementos turísticos, hostalaría e comercio retallista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas.

Mediante Resolución do 1 de outubro de 2007 (DOG nº 194, do 5 de outubro), publicáronse as bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro 2007 aos establecementos turísticos, hostalaría e comercio retallista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas.

Considerando que o apoio institucional é clave para consolidar as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal como un importante foco empresarial e que o sector turístico se presenta como tractor no plan

estratéxico para a bisbarra, enténdese oportuno ampliar o prazo de presentación de solicitudes de axuda. En consecuencia, o Consello de Dirección do Igape acordou na súa xuntanza do 19 de decembro de 2008 a modificación das ditas bases reguladoras.

Así mesmo, faise preciso adaptar as bases reguladoras das axudas ao Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) e á vixente normativa autonómica de subvencións públicas. En consecuencia, o Consello de Dirección do Igape nas súas xuntanzas do 23 de setembro de 2008 e do 2 de febreiro de 2009 habilitou o director xeral para realizar mediante resolución os cambios necesarios para adaptar as bases de axuda do Igape ao citado Regulamento 800/2008 e á citada normativa autonómica.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Publicar a seguinte modificación das bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos establecementos turísticos, hostalaría e comercio retalista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas, nos seguintes extremos:

Primeiro.-Modifícase o artigo 2º, puntos 1 e 2, que quedan redactados do seguinte xeito:

«2.1. Poderán acceder á dita liña de financiamento aquelas empresas que teñan a consideración de microempresa ou pequenas ou medianas empresas (Pemes), segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), que desenvolvan algunha das actividades económicas relacionadas no anexo I.

2.2. Os beneficiarios terán que estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia e non estar suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión da Unión Europea que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común».

Segundo.-Modifícase o artigo 3º, punto 1.4., que queda redactado do seguinte xeito:

«3.1.4. Os beneficiarios deberán manter os investimentos obxecto de financiamento durante un prazo

mínimo de tres anos desde a súa adquisición. Considerarase que se cumpre esta condición no caso de que os bens en que se materialice o investimento sexan substituídos por outros da mesma natureza e destino, e non poderán obter para a súa adquisición ningún tipo de axuda financeira do Igape.

No caso dos activos intanxibles para ser considerados subvencionables, ademais, deberán cumprir todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente na empresa beneficiaria da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa; 4) deberán incluírse nos activos da empresa».

Terceiro.-Para as solicitudes presentadas a partir do día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, reixerá a seguinte modificación do artigo 6º das bases reguladoras:

«6.1. O tipo de xuro nominal anual para as operacións acollidas a este convenio poderá ser, á elección do beneficiario, fixo ou variable:

Tipo de xuro fixo: establécese un tipo de xuro nominal do 6%.

Tipo de xuro variable: o tipo de xuro nominal anual para as operacións de préstamo acollidas a este convenio e o seu sistema de variación establécense do seguinte xeito:

a) Tipo de referencia: para o primeiro semestre calcularase como a media aritmética simple dos tipos diarios do euribor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de novembro do ano anterior. Para o segundo semestre será a media aritmética simple dos tipos diarios do euribor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de maio do mesmo ano.

b) Tipo adicional: será o que libremente pacten as partes sen que en ningún caso poida exceder de 1,50 puntos.

c) O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirlle ao tipo de referencia o tipo adicional que pacten as partes.

O tipo de xuro de referencia para cada semestre será comunicado polo Igape ás entidades financeiras e publicado no *Diario Oficial de Galicia*».

Cuarto.-Modifícase o artigo 8º, puntos 1 e 3, que quedan redactados do seguinte xeito:

«8.1. As axudas outorgaranse ao abeiro do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

8.3. A concesión das axudas queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea. Neses termos, serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada –salvo as referidas no parágrafo anterior-, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea no citado Regulamento 800/2008».

Quinto.-Modifícase o artigo 11º, punto 2, que queda redactado do seguinte xeito:

«11.2. O beneficiario ten un prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión para aceptala. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nestas bases e demais disposicións aplicables. A aceptación formalizárase na copia da resolución que, para tal efecto, se remitirá xunto coa resolución de concesión e que deberá ser devolta ao Igape debidamente cuberta. Transcorrido o prazo de aceptación sen que se producise manifestación expresa, a axuda entenderase tacitamente aceptada».

Sexto.-Modifícase o artigo 16º, puntos 4 e 5, que quedan redactados do seguinte xeito:

«16.4. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e será competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra esta resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes ao da súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

16.5. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios, entidades financeiras e SGR colaboradoras sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia».

Sétimo.-Amplíase o prazo de presentación de solicitudes de axuda establecido no artigo 19 ata o 30 de decembro de 2009. O dito prazo iníciase o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Modifícase o artigo 20, que queda redactado do seguinte xeito:

«As axudas reguladas nestas bases, solicitadas durante o exercicio 2009, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 02.01-E5/10/01-656700 cun crédito plurianual de 213.750 € para o exercicio 2009 e de 71.250 euros para o exercicio 2010, e a súa concesión estará supeditada á existencia de crédito orzamentario suficiente. Os ditos créditos, á vista das solicitudes presentadas poderán ser modifica-

dos e/ou ampliados polo Igape, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*».

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 9 de febreiro de 2009 pola que se publica o orzamento desta universidade para o exercicio 2009.

Aprobado o orzamento económico de 2009 polo Consello de Goberno, con data 18 de decembro de 2008, e polo Consello Social o día 22 de decembro de 2008, esta reitoría resolveu publicar o estado de ingresos e gastos que configuran o orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio económico de 2009 e que figuran no anexo desta resolución.

Vigo, 9 de febreiro de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO

Universidade de Vigo Orzamento de ingresos 2009

Art.	Denominación do ingreso	Importe
	Capítulo III. Prezos públicos	15.770.018
31	Prezos públicos	14.898.000
32	Outros ingresos procedentes	790.006
33	Venda de bens	39.000
38	Reintegro de operacións correntes	12
39	Outros ingresos	43.000
	Capítulo IV. Transferencias correntes	11.979.609
40	Da Administración do Estado	4.385.324
41	De organismos autónomos administrativos	1.149.891
45	Da comunidade autónoma	105.646.203
46	Das corporacións locais	313.700
47	De empresas privadas	95.070
48	De familias inst. sen lucro	10.000
49	Do exterior	379.421
	Capítulo V. Ingresos patrimoniais	1.185.000
52	Xuros de depósitos	1.150.000
55	Produtos de concesións administrativas	35.000
	Capítulo VII. Transferencias de capital	34.309.274
70	Da Administración do Estado	6.282.375
74	De empresas públicas e outros entes públicos	6
75	Da comunidade autónoma	22.682.767
76	De corporacións locais	120.006
77	De empresas privadas	4.354.120
79	Do exterior	870.000
	Capítulo VIII. Variación de activos financeiros	18.973.935
87	Remanente de tesouraría	18.973.935
	Total orzamento de ingresos	182.217.836